



O noso colexio está situado no Val Miñor, na parroquia de Camos (Concello de Nigrán).

Benvidos a esta exposición organizada pola comunidade escolar do C.E.P. da Cruz.

Primeiro queremos que coñezades o noso colexio. Somos un centro de Primaria con 60 alumnos e nove profesoras.

Temo-la sorte de vivir nun entorno de enorme riqueza paisaxística e cultural, por iso adoitamos traballar en torno a proxectos que nos axuden a coñecelo e valoralo.





NATUREZA

CULTURA





Este ano o noso proxecto de traballo foi sobre
"A TOPONIMIA NO VAL MIÑOR".
Primeiro estudiamos a toponimia rural da nosa
localidade: "OS NOMES DA TERRA"






Logo estudiamos a toponimia da nosa costa:
"OS NOMES DO MAR".
¡Esperamos que esta exposición sexa do voso
agrado!

-----FIN PANEL 1-----



Con Luz Méndez aprendemos moitas cousas sobre a **TOPONIMA** e os **TOPÓNIMOS**. ¡Fíxádevos ben!

O home nomea ós seres da natureza, ós seus familiares, amigos e veciños; idámoslle incluso un nome ós animais con quen convivimos...!



A CRUZ

E, por suposto, poñémoslle nome ós lugares nos que vivimos: "TOPÓNIMOS"; entendendo por "TOPONIMIA" a ciencia que estuda os nomes de lugar.

MUÍÑO VELLO


MEDIALDEA


RÍO TÁBOAS

CARBALLAL

FONTE DO PEREIRO

LEIRA GRANDE





O BICO

A ROCHA

Hai topónimos moi antigos,
mesmo de orixe prerromana.

AS BARROSAS



Luz Méndez di que os **TOPONIMISTAS** son como detectives privados que investigan os nomes de lugar e o seu significado. Como algúns sitios teñen un nome tan vello, é difícil saber o que significan (son os chamados: "TOPÓNIMOS ESCUROS").



Pero de outros moitos nomes podemos saber o seu significado poñendo un pouco de atención:

O CARBALLAL (indica un lugar con abundancia de carballos).


A CRUZ (indica á existencia dun antigo cruceiro).

O RAPOSO (topónimo que fai referencia a un determinado animal).

O CARBALLAL



O RAPOSO



A CRUZ



ZOÓNIMOS

(nomes de lugar que fan referencia á algún animal).

FITÓNIMOS

(nomes de lugar relacionados coas plantas ou as árbores).

ORÓNIMOS

(fan referencia á orografía ou á constitución do terreo).

HIDRÓNIMOS

(nomes de lugar que fan referencia á auga).

ANTROPÓNIMOS

(localidades que veñen dun nome de persoa).

HAXIÓNIMOS

(nomes de lugar que se refiren a santos ou construcións relixiosas).

OUTROS TOPÓNIMOS

(referidos a formas de instalación no territorio, construcións...).

Aprendemos tamén que os topónimos poden clasificarse segundo o seu significado:



Castro de Chandebrito



Sanamedio



O Sobral



Fonte da Cruz



Camiño da Pirica



Monteferro



As Pedras



Casa de Figueiró



PENÍNSULA DE MONTEFERRO

A toponimia dun país, é coma un crebacabezas no que están escritos os accidentes xeográficos máis sobranceiros, a flora, a fauna, os modos de vida e de instalación no territorio...



CAMIÑO DA PIRICA



O SOBRAL




O CASTRO DE CHANDEBRITO



ie incluso os antigos poboadores!



BARRIO DA MÁMOA





Con este proxecto aprendemos que os topónimos (coma por exemplo "O CAMPO DA REVOLTA"), son un tesouro cultural, un testemuño do noso pasado, tan digno de conservación, estudio e respecto coma calquera outra obra de patrimonio material (petroglifo, castro, cruceiro, canastro...).

"O CAMPO DA REVOLTA"

Trátase dun patrimonio que reside,
case exclusivamente, na memoria
oral dos nosos maiores, e que coma
eles, atura mal o paso do tempo...



Con este proxecto quixemos contribuir a salvar do esquecemento os miles de nomes da nosa terra que se van perdendo co pasamento dos nosos vellos e coas transformacións económicas e sociais que fomos experimentando .
Queremos dedicar este proxecto ós nosos informantes -finados xa algúns deles-, mostrándolles todo o noso agradecemento, aprecio e consideración.



Foi moi interesante a visita ó Arquivo Histórico Provincial. Alí observamos o proceso de consulta de documentos para a realización das investigacións. Ensináronnos documentos moi antigos; sobre todo chamounos a atención o CATASTRO DO MARQUÉS DE ENSENADA, onde poidemos comprobar o rexistro de propiedades da nosa localidade.



---FIN PANEL 3---

O artigo de Xuia Marqués Valea sobre "A TOPONIMIA NA ESCOLA", familiarizounos co léxico técnico empregado polos toponimistas (ademáis de guiarnos no proceso de investigación toponímica). Ademáis dos conceptos de TOPONIMIA e TOPÓNIMOS (xa explicados), os toponimistas falan tamén de...





TOPÓNIMO MAIOR:
"RAMALLOSA"
(designa unha zona ampla)



TOPÓNIMO MENOR
"FONTE DA CRUZ"
(nomea unha zona pouco extensa)



TOPÓNIMO SUPERFICIAL
"CAMPO DA REVOLTA"
(zona acoutada por uns límites)



TOPÓNIMO LINEAL
"SENDEIRO DOS MATOS"
(nomea un espacia lonxitudinal)



ENQUISADOR e INFORMANTE
(o enquisador é a persoa que busca a información toponímica e o informante é a persoa da que se obtén).



XENÉRICO e ESPECÍFICO
PENÍNSULA DE LOURIDO
O "xenérico" é o elementado topónimo que identifica a realidade xeográfica, mentres que o "específico" é o elemento do topónimo que o identifica de xeito concreto. Os xenéricos están agrupados en campos temáticos:

ENTIDADES HUMANAS (topónimos referidos a asentamentos humanos):



Comarca: Val Miñor



Concello: Nigrán



Parroquia: Chandebrito



Barrio: A Cruz



Vila: Baiona

CONSTRUCCIÓN SINGULARES (elementos que pola súa singularidade, forman parte do patrimonio histórico ou da etnografía do territorio):



Igrexa parroquial de Camos.



Cruceiro da igrexa



Ponte da Ramallosa



Pazo da Touza



Muíño dos Bolos

Casa Rectoral de Chandebrito



Casa de Antolín

OUTRAS CONSTRUCCIÓNS (edificaci3ns que serven de referente xeogr3fico no territorio).

Campo dos Bolos

C.E.P da Cruz

Escola de Balinfra

Casa da Cultura

Panadería Copena

AUGAS (top3nimos referidos a cursos de auga):

Ría de Baiona



Ríos Miñor, Groba, Guillade

Rego da Presa das Rías

Lavadoiro do Río

Fonte da Cruz

Presa das Rías

Foz do Miñor

Levada no Río Táboas


ACCIDENTES COSTEIROS.



Ilas Estelas

Ribeira, beiramar

Baixo: Baixo de Barreiro



Enxada de Abra

Cabo Silleiro

Porto de Panxón



Praia ou areal: Praia América

Península: Lourido

ACCIDENTES TERRESTRES (elementos da orografía que definen a nosa paisaxe):



Serra da Groba

Monte Sanamedio



Pena singular: Auga da Laxe



Canteira en Chandebrito

VÍAS (topónimos vinculados coa rede viaria):

Estrada: Nigrán- Vencios

Camiño do Xuncido



Paso no río (Ponte da Ramallosa)

Encrucillada no barrio da Cruz

TERRAS (cultivo, arboredo, tomadas...).



Leira: Regheira Brava

Tomada: O Raposo

Carballeira no barrio do Carballal

Fraga dos Matos




Foi moi interesante o proceso seguido na investigación:

Consultar fotografías aéreas do SITGA, mapas catastrais do Concello e mapa topográfico nacional.

Efectuar as entrevistas cos informantes (de carácter itinerante) e finalmente, rexistro e localización do topónimo.

Emprego de fichas para recoller a información dos topónimos e dos informantes.

FICHA DO INFORMANTE		
Informante	Concello	Parroquia
Informante:		Fotografía:
Nome:		
Apelidos:		
Localidade:		
Sexo:		
Idade:		
Observacións:		
Lendas e anécdotas:		

FICHA DE ENQUIZA TOPONÍMICA		
Parroquia	Concello	Parroquia
Informante:		Data de enquisa:
Nome do topónimo:		Localización actual do topónimo:
Topónimo:		
Orixe:	Tipo:	
Orxina:	Carácter:	
Observacións:		
<small>Elaborado por: [nome]</small>		

Fianlizada a explicación relativa ÓS NOMES DA TERRA,
prestade, por favor, atención ó mural de recollida exhaustiva
de toponimia dunha zona concreta da nosa localidade.